

CEN MIRADAS

Letra: Sonia Lebedynski

Música: Sonia Lebedynski / Sérgio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski

CEN MIRADAS AMIGAS QUE TINXEN O SOLPOR
CEN PALABRAS VALENTES PRETO DO TEU CORAZÓN,
CEN RAZÓNS QUE SUMAN PARA CALMAR A TÚA DOR
E O MEU AMOR POR TI , NA TERRA COMO UNHA FLOR.
E O MEU AMOR POR TI , NA TERRA COMO UNHA FLOR.
E O MEU AMOR POR TINA TERRA COMO UNHA FLOR.

CEN ANACOS DE VIDA COS QUE PODER ENCETAR,
CEN GAIOLAS QUE AGOCHAN ENTEIRO O MEU PESAR,
CEN PANDEIROS QUE TOCAN INVITÁNDOTE A BAILAR.
E O MEU AMOR POR TI , NA TERRA COMO UNHA FLOR.
E O MEU AMOR POR TI , NA TERRA COMO UNHA FLOR.
E O MEU AMOR POR TINA TERRA COMO UNHA FLOR.

SINTO AS HORAS DO DÍA FRÍAS,
SEN TEMPO E SEN MEDIDA,
QUIXERA ESPERTAR AO TEU CARÓN E VER A LUZ DO DÍA,
SINTO AS HORAS DO DÍA FRÍAS,
SEN TEMPO E SEN MEDIDA,
QUIXERA ESPERTAR E VERTE CHEA DE VIDA.

CEN MIRADAS AMIGAS QUE TINXEN O SOLPOR,
CEN PALABRAS VALENTES PRETO DO TEU CORAZÓN,
CEN RAZÓNS QUE SUMAN PARA CALMAR A TÚA DOR.
E O MEU AMOR POR TI , NA TERRA COMO UNHA FLOR.
E O MEU AMOR POR TI , NA TERRA COMO UNHA FLOR.
E O MEU AMOR POR TINA TERRA COMO UNHA FLOR.

SINTO AS HORAS DO DÍA FRÍAS,
SEN TEMPO E SEN MEDIDA,
QUIXERA ESPERTAR AO TEU CARÓN E VER A LUZ DO DÍA,
SINTO AS HORAS DO DÍA FRÍAS,
SEN TEMPO E SEN MEDIDA,
QUIXERA ESPERTAR E VERTE CHEA DE VIDA.

AGARDO POR TI, POLA LUZ QUE SAE DO DÍA.
AGARDO POR TI, POLO BRILLO DOS TEUS OLLOS.
SEN DECIRCHE NADA
SEN DECIRCHE NADA
SEN DECIRCHE NADA...NADA.

BAILA

Letra: Tradicional / Sonia Lebedynski
Música: Sonia Lebedynski / Sérgio Tannus
Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski
Arranxos metais: Sérgio Tannus / Jose Luis Miranda

BAILA QUERIDIÑO BAILA DEVEZO POR TE MIRAR,
TEÑO UNHA FLOR COLORADA AMORES HEI DE TOMAR
UNHA VOLTA POLO MEDIO OUTRA OUTRA VOLTA DE ARREDOR
ASÍ FAI O QUE BEN BAILA ASÍ FAI O BAILADOR.

BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILA SE QUERES BAILAR,
BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILA SE QUERES BAILAR.

BAILA MEU MORENO BAILA CON ESA GRACIA QUE TES,
NA TÚA DANZA PARECE QUE FAS ENCAIXE COS PÉS.
UN PEDACIÑO DA ALMA DÉIXOCHE MEU BAILADOR,
SE TI QUERES TERME PRETO DÉIXOCHE O MEU CORAZÓN.

BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILA SE QUERES BAILAR,
BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILA SE QUERES BAILAR.

BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILADOR DOS BAILADORES,
NUNHA MAN TRAES O SOMBREIRO E UN RAMALLIÑO DE FLORES.
UNHA VEZ QUE A NOITE CERRE QUERIDIÑO POR TE VER,
PASO RÍOS E REGUEIROS A RISCO DE ME PERDER.

BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILA SE QUERES BAILAR,
BAILA QUERIDIÑO BAILA, BAILA SE QUERES BAILAR.

ALUMEA

Letra: Tradicional / Sonia Lebedynski

Música: Tradicional / Sonia Lebedynski / Sérgio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski

ALUMEAME ALUMEA

ESTRELIÑA DA FORTUNA

ALUMEAME ALUMEA

MENTRAS QUE NON SAIA A LÚA.

ALUMEAME ALUMEA

ESTRELIÑA DA FORTUNA

ALUMEAME ALUMEA

MENTRAS QUE NON SAIA A LÚA.

O CANTAR DO ARRIEIRO

É UN CANTAR MOI BAIXIÑO

CANDO CANTA EN RIBADAVIA

RESOA NO CARBALLIÑO.

POR TI AGARDO NO TORREIRO

IMOS XUNTOS EMBARCARE

VOU CONTIGO MARIÑEIRO

BOTEI AO VENTO UN CANTARE.

VOU CONTIGO MARIÑEIRO

TRAVESÍA DOS CEN MARES

CHOVE OUTRA VEZ

Letra: Alberto García / Sonia Lebedynski

Música: Sonia Lebedynski / Sérgio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sergio Tannus

CHOVE OUTRA VEZ

LOGO DE TER CHOVIDO

VOLVE O GRIS

DO PEITO ENCOLLIDO

PEL DE GALIÑA

TRA-LAS XANELAS POLAS QUE MIRO.

OLE OUTRA VEZ

A TERRA MOLLADA

A VENTO DO NORTE

A INVERNO NA CAMA

VEXO OUTRA VEZ

MIRADAS PERDIDAS

E QUIXERA SABER

O QUE TI XA SABÍAS.

CHOVE OUTRA VEZ

LOGO DE TER CHOVIDO

NOITE DE AMANTES

NON CORRESPONDIDOS

PINTAN NO CEO

FÍOS DE PRATA TECENDO RÍOS.

PASEO POLO AREAL

Letra: Sonia Lebedynski

Música: Sonia Lebedynski / Sérgio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski

Arranxos metais: Sérgio Tannus / Jose Luis Miranda

PASEO POLO AREAL

OS BAÑOS DE BARRAÑA TRAENME A CALMA,

PASEO POLO AREAL

FICO NA BATEA POUSADA.

TENTEI GARDAR OS ANOS

MOITOS VERSOS CANTADOS,

A TI DEBO O BRILLO DOS MEUS OLLOS

NA PALMA DAS TÚAS MANS

VEXO A ILLA ESPERTAR

NA LUZ DA MAÑÁ.

PASEO POLO AREAL

OS BAÑOS DE BARRAÑA TRAENME A CALMA,

PASEO POLO AREAL

FICO NA BATEA POUSADA.

BAIXO O SOL DE SETEMBRO

PARA O VENTO A UN TEMPO,

NA MIRADA ATENTA DA LÚA

E A VIDA PASA AQUÍ

SE PUIDESES NO MEU OLLAR

A RÍA CONTEMPLAR.

PASEO POLO AREAL

OS BAÑOS DE BARRAÑA TRAENME A CALMA,

PASEO POLO AREAL

FICO NA BATEA POUSADA.

MIÑA DOCE AMIGA

Letra: Manuel María

Música: Uxía / Sérgio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski

MIÑA DOCE AMIGA
TI SERÁS BARQUEIRA,
QUE AGROMAN AS ROSAS
NA OUTRA RIBEIRA.

AGROMARON ROSAS
PARA QUE SEXAS BARQUEIRA
QUE NON AGROMARON
PORQUE É PRIMAVERA.

PARA QUE SEXAS BARQUEIRA
AO IR A COLLELAS,
AGROMAN AS ROSAS
NAQUELA ROSEIRA.

PARAÍSO DE SAL

Letra: Xosé Lois Romero / Sonia Lebedynski

Música: Xosé Lois Romero

Arranxos: Xosé Lois Romero / Adapt: Sérgio Tannus

Arranxos metais: Sérgio Tannus / Jose Luis Miranda

VOU VIRANDO CO MUNDO, MUDANDO COS DÍAS E CAS NOITES,
FLÚO N ´AUGA DAS FONTES, DO AIRE ME ALIMENTO MIÑA VIDA,
VOU POUSADA NAS ÁS DUN PAXARO FECUNDO, CHEO DE CORES,
PASAXEIRA DUN ASTRO, SON Á DERIVA.

SEI DE MARES SEN ONDAS, DE PRAIAS ENXOITAS, SEN ARELAS,
SEI DE IDAS SEN VOLTAS, E TEMPOS SEN HORAS NIN ESPERAS,
ESCORADOS VIAXAMOS CARA OUTRO HORIZONTE, NAS ESTRELAS,
COMO AVES QUE EMIGRAN SEN VER OUTRA TERRA

HABERÁ UN LUGAR,
PARAÍSO DE SAL
ONDE A LÚA SE ACADA COA MAN.
UN LUGAR PARA FUXIR ,
NO MÁIS FONDO DE TI
ONDE ESCOITES A CHOIVA SORRIR.

HABERÁ UN LUGAR,
PARAÍSO DE SAL
ONDE A LÚA SE ACADA COA MAN.
UN LUGAR PARA FUXIR ,
NO MÁIS FONDO DE TI
ONDE ESCOITES A CHOIVA SORRIR.

VIAXE ASTRAL

Letra e música: Guadi Galego

Arranxos: Sergio Tannus / Sonia Lebedynski

Arranxos metais: Sérgio Tannus / Jose Luis Miranda

VOU BOTAR O VIÑO POR TI
POLO VENTO QUE TE TROUXO A MIN,
POLO BO DO NOSO MOMENTO
POLO AMOR QUE EU CHE PROFESO.
VOU FALAR DE AMORES E AMANTES
COA DESCULPA DE SER TI TAN GRANDE,
DO MELLOR E O MÁIS BRILLANTE
DUN RELATO DE AMOR APAIXOANTE.

VASME INSPIRAR UNHA CURTA VIAXE ASTRAL
AÍNDA QUE CHE COSTE A VIDA DESPEGAR E ATERRAR,
UNHA CANCIÓN OPTIMISTA
PORQUE ASÍ TE VEXO EN MIN,
COMO AS CORES DAS CERDEIRAS
QUE AGASALLAN OS DE AQUÍ.

EA, EA, EA,A

VOU BOTAR O VIÑO POR TI.

QUIXERA

Letra: Óscar Losada

Música: Sonia Lebedynski / Sérgio Tannus

Arranxos: Sergio Tannus / Sonia Lebedynski

Arranxos metais: Sérgio Tannus / Jose Luis Miranda

QUIXEN OFRECER OS MEUS SOÑOS

PARA COMPARTIR

O XEITO DE ENTENDER AS COUSAS

PARA PENSAR

A FORMA DE AFRONTAR OS FEITOS

PARA VIVIR

CADA VEZ MÁIS DISTANCIAS

PARA DEAMBULAR

PÉRDENSE ILUSIÓNS QUE PENSEI POSUÍR

PARA ESQUECER

TEMPOS DE SOIDADE NA ANSIEDADE

PARA VALORAR

RÚAS ENCHIDAS DE INDIGNACIÓN

PARA PROTESTAR

PENSAMENTOS Á HORA DE XANTAR

PARA RECUPERAR

DÍAS PERDIDOS NA MIÑA CONFRONTACIÓN

PARA SER

O RELOXO MARCA A HORA ATRASADA

PARA AVISAR

MARIÑEIRO SOLITARIO NUN BARCO VARADO

PARA REFLEXIONAR

ORACIÓNS PERDIDAS NUN MUNDO FRACASADO

PARA ESPERTAR

PARA QUÉ?

Letra: Xosé Lois Romero / Sonia Lebedynski
Música: Xosé Lois Romero
Arranxos: Xosé Lois Romero / Adapt: Sérgio Tannus

SEN UN MOTIVO PRA ENCETAR,
UN MOMENTO E UN LUGAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?

SEN UNHA HISTORIA QUE CONTAR,
UN COMEZO E UN FINAL,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?

SEN UNHA RIMA QUE RIMAR,
UNHA NOTA QUE ANOTAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?
SE NON ES QUEN DE OIR O LATEXO SUTIL DA MIÑA VOZ

SEN UN ALGÚEN EN QUEN PENSAR,
UN RECORDO QUE LEMBRAR,
PARA QUEN? A CANCIÓN, PARA QUEN?

SEN UN CAMIÑO QUE MUDAR,
SEN UN CADRO QUE PINTAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?

SEN UNHA BÁGOA QUE CHORAR,
UNHA ILLA QUE HABITAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?
SE NON ES QUEN DE OIR O LATEXO SUTIL DA MIÑA VOZ.

SEN UNHA TERRA PARA VOLTAR,
UNHA VERBA QUE CANTAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?

SEN UN PANDEIROQUE TOCAR,
UNHA DANZA QUE BAILAR,
PARA QUEN? A CANCIÓN, PARA QUEN?

SEN UN IDIOMA QUE FALAR,
UN SORRISO QUE AGARDAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?
SE NON ES QUEN DE OIR O LATEXO SUTIL...

SEN UN MOTIVO PARA ENCETAR,
UN MOMENTO E UN LUGAR,
SEN UNHA HISTORIA QUE CONTAR,
UN COMEZO E UN FINAL,
SEN UNHA RIMA QUE RIMAR,
UNHA NOTA QUE ANOTAR,
PARA QUE? UNHA CANCIÓN, PARA QUE?
SE NON ES QUEN DE OIR O LATEXO SUTIL DA MIÑA VOZ.

INVENTARIO DO PROHIBIDO

Letra: Sonia Lebedynski. Adaptación do poemario de Luz Campello “Inventario do prohibido”

Música: Sonia Lebedynski / Sergio Tannus

Arranxos: Sérgio Tannus / Sonia Lebedynski

NESTA HORA SON A LÚA CHEIA

O ASTRO QUE DECORRE

NA PENUMBRA DAS LETRAS.

NESTA HORA SON A LÚA ENTEIRA

SON A LÚA ENCHENTA

NA VAGA DAS ESTRELAS.

NON ME CONVERTO SERN SABELO

NO QUE TODOS ESPERAN,

VEÑO E RENEGO DAS OBRIGAS

DESÁRMANME ENTEIRA.

NESTA HORA SON A LÚA MEIGA

NON SON DERRADEIRA,

SON LETRA PRIMEIRA.

NESTA HORA SON ALÚA NOVA

DO ESTABLECIDO

EU SON DESERTORA.

NON ME CONVERTO SEN SABELO

NO QUE TODOS ESPERAN,

VEÑO E RENEGO DAS OBRIGAS

DESÁRMANME ENTEIRA.

SON PORTADORA DAS PALABRAS
DOS CANTOS QUE DEVALAN,
PROCURO NA SONORIDADE
SALVARME VERTEBRADA.

ESCRIBÍA,
NO TEU PASAPORTE AMIGA
PARA QUE DESAPAREZA
A CALIGRAFÍA PERFECTA.
VAI NAS PEDRAS
NO REVERSO DOS FONEMAS
NO INVENTARIO DO PROHIBIDO
APROPIEIME DE MIN MESMA.

SON DESERTORA DAS PALABRAS
DOS CANTOS QUE NOS DEVALAN,
PROCURO NA SONORIDADE
SALVARME VERTEBRADA.

SON DESERTORA DAS PALABRAS
DOS CANTOS QUE NOS DEVALAN.

ESCRIBÍA,
NO TEU PASAPORTE AMIGA
PARA QUE DESAPAREZA
A CALIGRAFÍA PERFECTA.
VAI NAS PEDRAS
NO REVERSO DOS FONEMAS
NO INVENTARIO DO PROHIBIDO
APROPIEIME DE MIN MESMA.